

Ecola: da ovella á madeixa

Visitas escolares ao Salgueiral para descubrir o proceso tradicional da la.

Descrición

A tendencia de despoboamento que vive o rural está a provocar que se perdan importantes recursos patrimoniais, tanto materiais como inmateriais. Aldeas enteiras do noso rural, coa riqueza da arquitectura popular (hórreos, pontes, fontes, etc.), xunto cos saberes, coñecementos, formas de traballo e oficios tradicionais corren o perigo de desaparecer.

A proposta que tendes nas mans, a visita escolar á aldea do Salgueiral, representa unha iniciativa para por en valor e transmitir dun xeito lúdico aos rapaces/zas a vida que se fixo no pasado e que se fai hoxe en día no noso rural. Noutras edicións, centramos as visitas guiadas no coñecemento do medio natural e fluvial, e tamén nos traballos –en xeral- que se fan na aldea. Sempre acompañados da hospitalidade dos veciños e veciñas do Salgueiral, tivemos a ocasión de ver o río Almofrei, coñecer as ferramentas de campo antigas ou recoñecer as variedades do millo.



A visita que faremos este curso dedicárase a amosar o proceso tradicional de obtención e tratamento da la. A participación no proceso artesanal da la pretende achegar aos escolares a unha parte da nosa historia, realizando de xeito tradicional o custoso proceso de transformación da la de ovella en prendas de primeira necesidade como a roupa. Traballos como o da la conforman unha actividade tradicional da sociedade galega que, ademais, constituíu unha das bases da economía doméstica e do sustento familiar nun pasado que non queda moi lonxe.

A nosa proposta encamiñase a revivir dun xeito lúdico este proceso. Viviremos a hospitalidade dos veciños/as do Salgueiral, que nos acompañaran e explicaran de primeira man unha tradición como a da la. Veremos como esa actividade forma parte das súas raíces, xa que a practicaban os seus antepasados, e contarannos como os axudou a subsistir xeración tras xeración ata hoxe en día. Reflexionaremos, igualmente, sobre a necesidade de conservar esas tradicións e coñecementos populares.

Por outro lado, o alumnado repasará aspectos curriculares da área de coñecemento do medio: dende o coñecemento, o respecto e o aprecio polos animais, os cuidados que precisan e os beneficios que nos poden dar, ata o achegamento á vida da sociedade doutros tempos e a defensa e conservación do patrimonio cultural e histórico galego.

Metodoloxía

Organizaremos a actividade partindo da la que teremos rapada previamente. Cabe dicir que se realizarán os procesos máis simbólicos e representativos do traballo artesanal da la. Por motivos prácticos e da duración da actividade, non se amosarán algúns procesos, como pode ser o secado ou o escarmeado. As visitas inclúen unha pequena práctica que consistirá na creación dun tecido. Elaborarase, en paralelo, un caderno didáctico enfocado a reforzar os contidos educativos que se transmitirán durante a visita sobre o proceso tradicional de adquisición e tratamento da la.

Partirase dunha metodoloxía aberta, orientada a estimular a participación e a interacción do alumnado coas persoas da aldea, os animais e o entorno. Basearémonos nas fases do proceso da la adaptando os contidos e grao de dificultade das actividades aos distintos grupos de idade.

Actividades

Fase 1: “Mans á obra ”

- Explicación do tratamento tradicional da la en comparación coas formas industriais.
- Farase a rapa dunha ovella para ensinar ao alumnado.
- Tratarase o proceso de lavado e cardado da la.

Fase 2: “Toque final”

- Explicación e mostra das ferramentas de fiar (fuso, roca) e aprendizaxe dos métodos tradicionais.
- Realización do proceso do fiado.
- Realización do proceso de tinguido da la cos recursos naturais (sanguíño, cebola, carballo).

Fase 3: “O tear”

- Compartir a experiencia entre todos/as.
- Como práctica, vaise elaborar un tecido cun sinxelo tear de pequenas dimensións.



Aspectos técnicos da visita

Calendario de visitas: as visitas escolares realizaranse durante o mes de abril do ano 2015. No seguinte calendario están marcados os días dispoñibles para facer a visita.

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
		1	2	3
6	7	8	9	10
13	14	15	16	17
20	21	22	23	24
27	28	29	30	

Número de participantes: de 25 a 30 rapaces/as

Punto de recollida e retorno: a recollida co autobús será entre as 9 e as 9:30h, a convenir co centro educativo. O autobús é gratuito. O retorno ao centro educativo será entre as 13:30 e as 13:45h.

Persoal: 2 monitores de tempo libre con formación técnica ambiental.

Recomendacións: traer roupa adecuada á climatoloxía e calzado deportivo, merenda e bebida (auga).